

Galegos sobranceiros

Tras a publicación dun gorentoso libro de Álvaro Cunqueiro titulado *Viajes y yantares por Galicia* co que Alvarellos Editora iniciou a súa colección “Rescate”, acrécentase agora na mesma serie un volume de Francisco Fernández del Riego no que se exhuma, baixo o título de *Sesenta gallegos ilustres*, a totalidade da obra xornalística que o presidente da Fundación Penzol publicara, no período que vai de 1956 a 1962, nas páxinas da revista *Vida Gallega*, material que ata o de agora permanecía inédito en forma de libro.

Deste xeito, no período amentado, o histórico galeguista publicaba, como fixo noutros moitos medios e plataformas xornalísticas, baixo e epígrafe “Perfiles gallegos” e co pseudónimo de Cosme Barreiros, unha sorte de semblanzas, a medio camiño entre o didactismo e ton enxalzatorio, e sempre dominadas por unha inexcusable vontade publicística respecto de figuras salientables da nosa historia, literatura, música, política, etc. Fóra dos méritos que indubidablemente encerran estas prosas contidas e gobernadas por unha apreciable vontade de estilo, limitadas en canto ao espazo pero precisas no que se refire á exactitude dos datos que en cada delas se conteñen, cómpre reler estes traballos coa perspectiva de que foron creadas en tempos escuros nos que non era doado dar á luz pú-

Visións de F. Fernández del Riego



RAMÓN NICOLÁS



blica exercicios deste carácter que, no fondo, teimaban e loitaban por enfrontarse a un propositado e calculado exercicio de desmemoria colectiva alentado desde o poder.

Velaí, deste xeito, como Del Riego se enfronta ao reto de redactar pequenas biografías valorativas de persoeiros caracterizados pola súa entrega a Galicia, devorando nelas xuízos de orientación impresionista e alleos ao eruditismo do que podería facer gala. Hai prosas, así e todo, que é posible que suscitasen poucos receos no momento e nas que pairaba sobre todo un afán reivindicativo por teren caído no esquezo, como as de Domingo Fontán, Labarta Posse ou Said Armesto; pero o autor tamén se interna con afouteza nos ei-

TÉRATASE DUNHA FERMOSE E
EMOCIONADA EVOCACIÓN
ARREDOR DE SESENTA
PERSONAXES ENTREGADAS
AO SERVIZO DO PAÍS

dos de figuras máis sospeitosas e nas que cumpría andar con tino como son as correspondentes a Castelao –de quen afirma, afondando na súa dimensión artística e literaria, que “la sangre de Galicia, trasfundiada en las venas del artista y en su cerebro lúcidamente visionario, tomó idea e imagen en su arte genial”; a Villar Ponte, respecto do que sostén que os seus traballos contribuíron a vitalizar “a conciencia galleguizadora”; a Porteiro Garea, manifestando que este se laiaba de que o noso idioma non fose redimido ou de que os capitais gallegos non se reinvestisen no propio país ou, entre outras, a fermosa prosa dedicada a Otero Pedrayo: unha completa e emocionada evocación da súa dimensión humana e literaria asinada en 1962 e que presenta unha extraordinaria validez hoxe en día.

Dispomos, así pois, dunha inmejorable oportunidade para actualizar o noso coñecemento ou descubrir ángulos inéditos destes sesenta galegos nalgúns casos; noutros permitíranos asistir á descuberta dalgúns deles; mais todos contidos nestes breves e celmosos perfís que nos conducen desde Rosalía a Amor Ruibal, de Viqueira a Ovidio Murguía, de Antolín Faraldo a Curras Enríquez, de Crecente Vega a Pondal, pasando por Manuel Antonio, Carré Aldao, Maside, Risco, Pintos ou Noriega Varela até Pimentel entre outros moitos, nun envoltorio que non desmerece en absoluto da categoría destas achegas. Unha iniciativa, en fin, que só cabe saudar con satisfacción.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO, Sesenta gallegos ilustres, Ed. Alvarellos, Santiago, 2005, 343 páxinas.